

## A enerxía na Prehistoria.

Ata fai aproximadamente uns 350.000 anos o home recurría á caza ( xunto coa recolección ) coma case e exclusivamente única fonte de enerxía. Isto obrigaba a practicar o nomadismo, a vivir en grupos reducidos ( cantas menos bocas que alimentar, máis carne para cada individuo ). Polo tanto, o home consumía moi pouca cantidade de enerxía e os residuos tamén eran escasos, ... e biodegradables.

O **homo sapiens** comenzou a extenderse polo mundo e a colonizar novos territorios. De África pasou a Oriente Próximo, Asia, Europa e ata Australia e América. E multiplica a súa propia enerxía animal gracias ó uso de instrumentos concebidos e feitos de forma artificial ( coma poden ser arco e flecha), gracias ós cales vai superando na natural competición contra animais fisicamente máis fortes e rápidos, levando a cabo unha forte presión sobre eles, chegando á extinción de moitas especies. A búsqueda de enerxía empezaba a ter os seu impacto negativo no medio ambiente.

Un recurso enerxético vai ser vital para o home: o lume. A mitoloxía grega escenificou perfectamente a importancia que para o home e a súa supervivencia ten o dominio desta fonte enerxética: o mito de Prometeo.



*“Prometeo, de natureza titánica, é de espírito rebelde, astuto e indisciplinado, matendo unha relación de complicidade cos homes.*

*Deuses e homes están reunidos. Zeus encarga a Prometeo que sacrifique e reparta unha enorme res. Descuartiza o animal, e presenta un reparto desigual: a un lado un apetitose touciño cubre unicamente ósos mondos e liroidos, e a outro, unha panza pouco apetitosa que leva no seu interior todo o que é bo para comer.*

*Prometeo ofrece a Zeus os dou lotes, e o deus escolle sen pensalo o que á vista é mais atractivo, o primeiro. Cando lle quita a capa de graxa, dase conta do engano e monta en ira contra aquel que pretendía enganalo, Prometeo.*

*Está claro que os homes reciben a parte comestible do animal sacrificado, pero é que os homes necesitan comer. Os homes non son autosuficientes, necesitan buscar recursos enerxéticos no mundo que os rodea. A natureza humana é enerxía perecedeira. Necesita alimentala continuamente.*

*Zeus decide un castigo: negar ós homes o lume, do cal dispoñía ata o de agora en forma de raio que caía sobre ás árbores. Quedarse sen el é unha catástrofe para eles Pero Prometeo inventa outra argucia e rouba a semente do lume ( sperma pyrós) a Zeus, entregándolla ós homes. Xa poden encender os seus fogares e cocer a carne.*

*O lume convértese nunha marca da cultura humana. É un lume “técnico”, un procedemento intelectual, que diferencia ós homes das bestias e conságraos como criaturas civilizadas”*

*( Elaborado a partir de : J.P. Vernant: El universo, los dioses, los hombres. El relato de los mitos griegos , Edit. Anagrama, Barcelona, 2000)*

Paso do lume controlado polos deuses ( o raio ) a lume controlado polo home, a un uso consciente e intelixente. Pero ó deixar de ser un lume divino e inmortal ( o mito ) e pasar a convertirse nun lume humano e mortal ( o logos ), o home vese obrigado a alimentalo continuamente, a buscar recursos para mantelo vivo. É a historia do home e a enerxía.


PENSEMOS:

- LUME DIVINO:
  - Na etapa na que o ser humano no é capaz de controlar o lume, ¿ cales son os recursos que cubren as necesidades enerxéticas do home?.
- LUME HUMANO:
  - A partir do control do lume polo home, o lume prometeico e humano, comenza unha búsqueda continua de novos recursos para mantelo vivo, para conseguir enerxía. ¿ cales serán eses recursos ó longo da historia humana? Fai unha pequena lista deles.
  - O home conoce a agricultura e a gandería, co cal o lume vai ter cambios no seu uso. ¿ Poderías precisar algúns deles?

Desde hai uns 400.000 anos o home fai unha **utilización consciente do lume** ( como calefacción e iluminación das cavernas, para cociñar, endurecer instrumentos coma lanzas, frechas,... ), pero non é quen de producir lume por si só ( sin esperar a un raio ou un incendio ) ata hai uns 10.000 anos. A produción ( e paralelamente o consumo ) de enexía experimentou un aumento, que deu un salto cuantitativo e cualitativo coa **aparición da agricultura e gandería**, co que se dá un cambio no sistema de produción: dunha economía depredadora pásase a unha economía productiva. E niso tivo moito que ver a finalización da última glaciación, cun aumento de 5°C ó longo de 6.000 anos e unha subida do nivel do mar de 200 m.O clima cambia, fai que en algunhas zonas coma Mesopotamia ou Exipto aumenten as temperaturas e dismimnuan as precipitacións. Así,o home busca zonas cunha irrigación suficiente para cultivar : Nilo, Tigris e Eufrates, Indo, Yang Tse,...

Algunhas das **consecuencias do cambio no sistema de produción** podémolas resumir en:

- **Cambio tecnolóxico:** aumenta a variedade de instrumental utilizado, cambia a tecnoloxía ( da pedra tallada pásase á pedra pulimenada ), empezase a usar outro tipo de materiais: inicio da era dos metais coma cobre, broce e ferro ( ata o de agora eran a pedra, a madeira e materiais de orixe vexetal, os de orixe animal coma tendóns para arcos, ósos, peles, marfil, ...)
- **Paso o nomadismo ó sedentarismo:** aparición das primeiras poboados e aldeas, ata o nacemento das primeiras cidades.
- **Por primeira vez na historia hai excedente**, o que á súa vez vai ter consecuencias socio-económicas e políticas:
  - Primeira revolución demográfica: Aumento significativo a poboación, coa conseguinte necesidade de organización
  - Aparición das clases sociais e a riqueza.
  - División do traballo, non por habilidades, forza física, sexo... senon por sectores: primario, secundario e terciario, coa conseguinte aparición da artesanía e comercio.
  - Aparecen as clases dirixentes : político-sacerdotais e militares (¡ as guerras ¡).



**Pensemos:** analiza a evolución da poboación ó longo da prehistoria:

- ¿ En que época se produce a 1ª revolución demográfica da historia?
- Razóns .